

AGRICULTURA DE PRECISIÓN CON MILLO FORRAXEIRO EN GALICIA (MR331B FEADER 2022-001B)

O obxectivo xeral -poñer ao dispor de gandeiros e agricultores un novo procedemento fiable para a toma de decisións no cultivo do millo forraxeiro, utilizando os mapas de rendemento do cultivo para mellorar a sustentabilidade ambiental e económica das explotacións de vacún de leite- conseguiuase, ao habilitar dúas colleitadoras de forraxe autopropulsadas da empresa Marcos Otero S.L. cos equipos necesarios para a obtención de mapas de rendemento. Durante dúas campañas consecutivas (2023 e 2024) comprobouse que as máquinas son capaces de obter este tipo de mapas e a empresa Marcos Otero ponos ao dispor dos gandeiros e agricultores que contraten os seus servizos.

- Co proxecto, realizouse un protocolo para a limpeza dos arquivos cos datos de rendemento bruto que se obteñen nas colleitadoras. Con este protocolo, denominado Millopreciso (MP), elimínanse erros e obtense un mapa de rendemento fiable a partir dos datos limpos.
- Co proxecto realizado introduciuse en Galicia a tecnoloxía requirida para documentar de forma xeorreferenciada a produción de millo forraxeiro nunha parcela en tempo real. Equipáronse dúas colleitadoras de forraxe autopropulsadas cos equipos necesarios para o cumprimento deste obxectivo e comprobouse o seu correcto funcionamento durante dúas campañas consecutivas (2023 e 2024). Nestas dúas campañas formáronse dous operarios da empresa Marcos Otero S.L. para a utilización desta tecnoloxía nas parcelas dos gandeiros cando se realiza a recolección do millo forraxeiro coas picadoras autopropulsadas.
- Coa información dos mapas de rendemento obtidos pola colleitadora desenvolveuse un protocolo para obter mapas con zonas de manexo que delimiten as zonas da parcela con distinto potencial produtivo. Estes mapas con zonas de manexo obtivéronse a partir de mapas de rendemento limpos e elaboráronse con tre zonas de manexo diferenciadas (alta, media e baixa produción). Estes mapas de zonas de manexo poden ser utilizados para optimizar as operacións de sementa e fertilización das parcelas de millo forraxeiro.

En resumo, obtivéronse:

- Protocolo “Millopreciso” para limpar datos en bruto de mapas de rendemento de cultivo de millo forraxeiro
- Mapas de rendemento limpos
- Dúas colleitadoras autopropulsadas de forraxe equipadas coa tecnoloxía necesaria para obter mapas de rendemento e dispoñibles para os gandeiros
- Dous operarios formados no manexo dos equipos para obter mapas de rendemento en picadoras autopropulsadas
- Protocolo “Millopreciso” para elaboración de mapas con zonas de manexo e posibilidade de utilizalos para optimizar as operacións de sementeira e fertilización
- Guía de boas prácticas para elaborar os mapas de prescrición
- Desenvolvemento dun equipo móbil de calibrado de colleitadoras de forraxe autopropulsadas.